



Concello de
NOIA

“Dia das Letras Galegas - Florencio Delgado Gurriarán”

1. Poderán participar todas as persoas do Concello de Noia que conformen un grupo de 3 a 6 persoas (como máximo).
2. Cada un dos grupos inscribírase por **WhatsApp** no teléfono **677.555.748** antes do **sábado 14 de maio**, empregando o formulario (VER ANEXO I) baixo un pseudónimo.

Non obstante, a identidade de cada membro do equipo deberá ser reflectida na solicitude de inscrición e nomearase a un/unha representante de grupo, o/a cal facilitará o seu teléfono móbil a efectos do desenvolvemento do xogo; sendo a persoa encargada de ler e aceptar as bases e recibir e enviar as pistas ao equipo de coordinación.

3. Para poder comezar a desenvolver a xincana, cada equipo deberá ter descargado no seu móbil (un por equipo) un lector de código QR e a aplicación WhatsApp.
4. A xincana levarase a cabo o día **17 de maio**, dende as **17.00h ás 20.00h**. O punto de encontro será a porta do Concello, onde dará comezo o xogo coa entrega da primeira pista.





Concello de
NOIA

5. O xogo consistirá en encontrar os diferentes códigos QR situados en diversos lugares emblemáticos do concello. **En cada localización** encontrarase **un código QR**. Unha vez localizados:

- Deberá resolverse o enigma presentado.
- Sacar unha foto de grupo no lugar onde foi atopado o código.
- Enviar a foto e a resposta da proba por WhatsApp ao teléfono da organización.

Unha vez verificada a solución, a organización enviará **outra pista coa seguinte localización**, e así consecutivamente, sucederase a xincana ata o seu remate.

A iniciativa (que consta de 10 probas), rematará cando a organización envíe unha mensaxe de FIN DE XOGO e o lugar de recollida dos premios de participación.

6. Todas os grupos obterán un premio de participación que serán entregados o final do xogo, sempre e cando finalicen todas as probas da xincana correctamente.

A maiores **os tres primeiros grupos** en rematar a xincana recibirán **un vale de 120€, 80€ e 50€** para gastar no comercio local ou na hostalaría.

7. Todos os grupos participantes comprométense a cumprir con todas as medidas hixiénico - sanitarias vixentes no momento de realización da actividade.

2

